EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 10ª)

Volve a ler con atención o documento base desta sección e despois realiza os exercicios que veñen a continuación:

1.- Características principais da democracia grega.

2.- Principais achegas da tradición republicana á democracia.

3.- As achegas básicas do liberalismo á democracia moderna.

4.- As achegas da concepción socialista á democracia actual.

5.- A democracia entendida como protección de dereitos e liberdades.

6.- A teoría elitista da democracia.

7.- A democracia concibida como participación.

8.- A idea dunha democracia deliberativa.

9.- Características do Estado Democrático de Dereito.

10.- Retos da democracia no mundo globalizado actual.

Respostas:

1.- A Grecia antiga inventou o primeiro sistema político democrático, caracterizado por:
- Carácter asembleario, pero limitado só aos cidadáns (varóns adultos libres e orixinarios da *polis*).
- Certa homoxeneidade de intereses e valores comúns a tódolos cidadáns.
- Aspiración a superar a división entre gobernantes e gobernados na busca do “ben común”.

2.- A tradición republicana:
- Concibe a comunidade como un conxunto de faccións ou estratos que teñen intereses comúns e que se deben manter en equilibrio.
- Busca establecer *gobernos mixtos* que promovan o ben común e o equilibrio entre tódalas faccións sociais.
- Promove a idea de participación política.

3.- O liberalismo político:
- Aporta a idea duns dereitos naturais básicos inherentes ao individuo e a necesidade de súa defensa e protección dos mesmos.
- Introduce o constitucionalismo e a *división de poderes.*

4.- A idea socialista:

- Amplía o catálogo de dereitos ao plano social e económico, dotándoos dun carácter *positivo.*
- Estende o dereito de participación política a todos os cidadáns.

5.- A democracia entendida como un sistema de protección de dereitos e liberdades reduce a democracia a mero instrumento de elección de gobernantes para garantir o goce de bens privados. A participación política dos cidadáns non é un fin en si meso, senón un medio para o control do goberno. A cuestión non é propiamente *quén* goberna, senón mais ben *cánto* (ata qué punto) e *cómo* goberna. Concibe ao homo como un *animal económico*, "maximizador de utilidades privadas".

6.- A "teoría elitista" da democracia, desenvolta por V. Pareto e J. Schumpeter nun contexto de sufraxio universal, considera que a democracia é un "instrumento mais do mercado". Por un lado están as elites políticas (os políticos profesionais), que actúan como "empresarios" que ofertan ao mercado programas para gobernar a sociedade; por outro lado, están os cidadáns que se comportan como simples consumidores elixindo o programa que mais lles gusta. O fin da democracia non é propiamente "un goberno do pobo", senón mais ben "un goberno querido polo pobo".

7.- A democracia concibida como participación non reduce a democracia a un sistema de defensa de interese privados senón tamén a un medio de realización e participación cidadá.
Concibe ao ser humano home como un animal político que se autorrealiza en diálogo e cooperación cos semellantes.

8.- A teoría da "democracia deliberativa", desenvolta sobre todo por J. Habermas, considera que

- a liberdade e autonomía persoal do individuo é o ben mais valioso, pero só se desenvolve e fai posible en cada individuo a través da comunicación e cooperación racional cos demais.
- Unha democracia realmente participativa deberá desenvolverse a un dobre nivel:
  a) o *institucionalizado* e regulamentado (parlamentos, corporacións municipais, eleccións, partidos, etc.) e
  b) o *informal* ou non regulamentado que debe enraizarse e actuar dende a base da sociedade (con movementos sociais e cidadáns, foros de opinión, etc) para, dende el, facer presión sobre o primeiro nivel, marcándolle as pautas, valores e metas aos que se debe dirixir.

9.- O concepto actual de democracia plásmase na fórmula xurídica do "Estado Democrático de Dereito", que implica:

a) Imperio da lei.

b) División de poderes.
c) Legalidade da Administración.
d) Dereitos e liberdades fundamentais.

Todo iso expresado e garantido por unha Constitución.

10.- A democracia actual ten dous grandes retos:

a) Facerse real e efectiva nos Estados que só a proclaman formalmente,
b) Constituír e promover outras novas institucións internacionais supra estatais que atendan aos problemas de carácter global.